

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

EXTRACTO da Orde do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións destinadas á creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN541A).

BDNS (Identif.): 492117.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarios*

Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Construción, reforma e/ou equipamento interior de naves industriais, co fin de crear un viveiro industrial de empresas.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións destinadas á creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN541A).

Publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto. *Contía*

Importe total da convocatoria: 1.000.000,00 €.

Intensidade das axudas: 80% do importe total considerado como subvencionable, cun máximo de 240.000,00€ por solicitude (só se admite unha solicitude por concello).



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes desde o día seguinte ao da publicación da Orde do 26 de decembro de 2019 no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto. *Outros datos*

Poderase anticipar ata o 25% do importe da subvención concedida.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2019

Francisco Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

